

ASOCIACIÓN CULTURAL



MIRÁNDOLLE
OS DENTES



COMUNICADO DA ASOCIACIÓN CULTURAL “**MIRÁNDOLLE OS DENTES**” A TODOS OS VECIÑOS DE PONTECESURES

A asociación cultural “**Mirándolle os Dentes**” leva varios meses a **traballar por terceiro ano consecutivo, na organización da IIIª Feira do Automóbil antigo de Pontecesures.**

No mes de xaneiro mantivemos varias reunións co grupo de goberno do noso pobo para expoñerlle o noso proxecto da Feira. **A contestación da alcaldía foi que este ano van organizar eles unha feira do automóbil, contratando para isto, unha empresa de Vigo (Eventos del Motor).**

O mesmo tempo que estaban en conversas con nós, **estaban a rexistrar o nome da Feira.**

Ante este feito, a asociación cultural “Mirándolle os Dentes”, **que non desexa ter ningún conflito co noso concello**, dota a nosa Feira dun nome propio, para evitar polémicas e buscar unha maior proxección da Feira de Pontecesures.

Así nace **FEGACLASIC-Feira Galega do Automóbil Clásico de Pontecesures.**

FEGACLASIC pretende ser a Feira de todo un pobo, e necesita ter unha data propia de referencia no calendario que non debe coincidir con ningunha festa gastronómica.

Con este espazo propio pretendemos dar a coñecer en toda España a Feira de Pontecesures, tal e como fixeron fai moitos anos os nosos antergos.

A asociación cultural “**Mirándolle os Dentes**” ten aberta unha conta na oficina de Caixanova de Pontecesures, para todas aquelas persoas que queiran colaborar con **FEGACLASIC** e contribuir a que este evento teña un éxito aínda maior ca o do ano pasado.


Agradecendo a súa colaboración de antemán.

Atentamente, asociación cultural “**Mirándolle os Dentes**”

DONATIVOS FEGACLASIC

Feira Galega do Automóbil Clásico de Pontecesures.

Nº de Conta: **20800112740000088104** Caixanova



IMPRESO POSTAL SEN ENDEREZO

FEGACLASIC[®]

FEIRA GALEGA DO AUTOMÓBIL CLÁSICO

MIRÁNDOLLE OS DENTES

Automóbil clásico e antigo • Motocicletas e repostos

16 e 17 de maio/09

PONTECESURES • PONTEVEDRA

Espazos gratuitos para expositores e vendedores

ORGANIZAN



Asociación Cultural Mirándolle os Dentes

Rúa Novo Núñez, 22 - 3º E • 36640 Pontecesures • Teléfono: 620 19 82 00 • Correo electrónico: mirandolleosdentes@hotmail.com